

**Programa de Goberno do Bloque
Nacionalista Galego para o
Concello de Ribeira
2023/2027**

Índice

1. RIBEIRA MERECE MÁIS EMPREGO.....	4
2. RIBEIRA MERECE MÁIS XUSTIZA E ACCESIBILIDADE	6
3. RIBEIRA MERECE MÁIS FUTURO	10
4. RIBEIRA MERECE MÁIS MANTEMENTO	14
5. RIBEIRA MERECE MÁIS VERDE.....	16
6. AS PARROQUIAS MERECE MÁIS	18
7. CANDIDATURA EXPERIMENTADA E GAÑADORA	19

“Estamos preparados para facer unha Ribeira en grande”

Este documento que tes ante ti recolle as liñas xerais do programa de Goberno do BNG, unhas propostas que che presentamos desde o convencemento de que Ribeira merece máis. É o momento de aportar por unha formación solvente, con coñecemento dos problemas reais do noso concello e na que se pode confiar, como é o BNG. Ribeira merece un Goberno coas ideas claras e capacitado para resolver as necesidades do día a día dos veciños e das veciñas.

Luís Antonio Pérez Barral
Candidato á Alcaldía

Ribeira merece máis

No BNG témolo claro. Somos conscientes de que Ribeira precisa deixar de lado as políticas de cemento, os sobrecustos millonarios nas obras públicas, a falta de mantemento, a discriminación das parroquias, o malgasto e os *amiguismos*. Son xa demasiados anos nos que se gobernou de costas é veciñanza, impondo obras que nada teñen a ver coas necesidades do concello, esquecendo por completo a existencia das parroquias e paralizando a actividade económica e social da cidade.

Por iso che presentamos este **Programa de Goberno para o Concello de Ribeira 2023/2024**. Un documento que nace dun proceso transparente e participativo, coa seguridade de estar baseado nunha práctica política que xa ten demostrado os seus froitos. Un programa que aspira a transformar Ribeira nun concello do que todas e todos nos sintamos orgullosos, que solvente as necesidades básicas das persoas e que mellore a calidade de vida da veciñanza. Este é o noso compromiso.

Fronte a parálise económica na que o goberno local sumiu o concello –catro anos despois temos que volver incidir na cantidade de comercios fechados e nas industrias que marcharon do termo municipal por carecer de chan industrial–, desde o BNG consideramos que **RIBEIRA MERECE MÁIS EMPREGO**.

Coiñecendo de primeira man as consecuencias económicas e sociais froito da crise orixinada pola pandemia da Covid-19 e, máis recentemente, da crise de prezos, a nosa prioridade será a de abordar estratexias dirixidas a recuperar o dinamismo económico e a creación de emprego digno.

Para iso, desenvolveremos as seguintes medidas encamiñadas a contribuír ao desenvolvemento económico de Ribeira e a fortalecer un tecido comercial e empresarial de noso:

- Apostaremos firmemente pola **creación de chan industrial** e materializaremos o polígono para asentar empresas en Ribeira.
- Promoveremos a creación dunha **bolsa de aluguer de baixos comerciais**.
- Modernizaremos e dotaremos de servizos o Polígono Industrial de Xarás.
- Rebaixaremos impostos a empresas e autónomos que xeren emprego estábel e con condicións dignas.

- Crearemos **bolsas de prácticas para investigación** que frenen o éxodo de persoas mozas.
- Colaboraremos co tecido comercial, hostaleiro e co Mercado Municipal para encher de vida as rúas conseguindo xerar fluxos económicos positivos para os comerciantes da localidade.

Dinamizaremos tamén os sectores produtivos, especialmente **o mar**, motor económico do noso concello, mediante medidas como as seguintes:

- Designaremos a **Concellaría do Mar** que vele polos intereses do sector.
- Demandaremos de Portos da Galiza o acondicionamento dos portos e un plan de mantemento e seguridade anual.
- Dinamizaremos a compra dos produtos da nosa ría dándolles maior visibilidade.

Igualmente, con vistas a xerar emprego, impulsaremos un modelo turístico sustentábel, social, respectuoso co noso territorio e desestacionalizado. Así, crearemos unha rede de roteiros culturais, naturais e históricos, encadrados nun **Plan de Turismo Activo**, unha proposta que incluírá ofertas de turismo alternativas como saídas pola ría en barcos pesqueiros ou visitas guiadas a puntos de interese do concello. Tamén se potenciará o turismo cultural e promoveremos as coleccións nos museos de Ribeira.

Para o BNG, Ribeira é moito máis que unha rúa peonil, por iso **recuperaremos e potenciaremos festas e tradicións populares que lle dean vida e contido cultural a máis rúas e prazas do concello**. Poremos en valor barrios esquecidos como é Banda o Río, o verdadeiro casco histórico, ou As Avesadas como barrio mozo de Ribeira.

O próximo Goberno do BNG dinamizará os festexos locais. Neste sentido manteranse como festividades locais o **24 de xullo, día da Dorna e o martes de Entroido**. Garantiremos a celebración da festa de Santa Uxía na segunda fin de semana de setembro facéndoa unha festividade de referencia a nivel comarcal. Igualmente, prestarase todo o apoio institucional aos festexos parroquias.

En definitiva, desde o BNG impulsaremos e dinamizaremos a economía local para atinxir un modelo de crecemento económico sustentábel.

Creemos tamén que **RIBEIRA MERECE MÁIS XUSTIZA E ACCESIBILIDADE** para avanzar en proxectos positivos para a veciñanza. Tal é o caso do **Plan de Transporte Público**. A rede de transporte colectivo de Ribeira merece unha mellora, moito máis despois de que o Partido Popular desbaratase moito máis o servizo de autobús que xa tiñamos. Un Goberno do BNG en Ribeira mellorará o Plan de Transporte Público coa inclusión do dereito ao transbordo para quen viaxe entre parroquias, a gratuidade para as persoas coas pensións máis baixas e para persoas desempregadas de longa duración, a mellora das frecuencias e liñas e a sinalización das paradas, entre outras medidas.

No marco deste Plan, faremos as xestións necesarias para promover a recuperación dun **Noite-Bus** que comunique as parroquias co centro urbano en horario nocturno, especialmente en días destacados como o Martes de Entroido, Ano Novo, festas de verán ou na Festa da Dorna. Ademais, exixiremos da Xunta a recuperación do Noite-Bus comarcal para achegar as localidades próximas ao ocio nocturno ribeirense.

O mellorado Plan de Transporte Público do BNG incluírá as xestións necesarias ante as Administracións competentes para mellorar as condicións dos autobuses, como poden ser calefacción, aire acondicionado ou melloras na accesibilidade, para garantir a plena mobilidade de toda a veciñanza en igualdade.

Xestionaremos, diante do Estado español e da Xunta da Galiza, a realización dun estudo de viabilidade para dotar a comarca até Ribeira dunha **liña de tren**, contribuíndo así á mobilidade da veciñanza e a mellorar as comunicacións comerciais e industriais.

Seguiremos a traballar, como fixemos nos últimos anos, na dirección de conseguir espazos públicos de calidade, accesíbeis e seguros.

Deseñaremos **rutas escolares seguras** tanto no centro de Ribeira como nas parroquias, para fomentar o desprazamento a pé das crianzas até as escolas e para mellorar a fluidez do tráfico nas horas de entrada e saída das aulas.

Tamén impulsaremos o cumprimento da **Lei Galega de Accesibilidade Universal** e **suprimiremos as barreiras arquitectónicas e sensoriais** en todo o concello, buscando a plena inclusión de todas as veciñas e veciños.

Elaboraremos un plan municipal coa colaboración de asociacións e organizacións para identificar as necesidades da veciñanza con diversidade funcional e garantiremos a inserción social e laboral, de lecer e de actividade física ou deportiva.

Ademais, promoveremos a creación de vivendas tuteladas e vivendas de respiro familiar, para poder conciliar o traballo de atención a persoas dependentes.

No BNG entendemos que protexer as persoas que máis o precisen debe ser unha prioridade. Somos conscientes que as crises do Covid-19 e de prezos ocasionada pola suba da inflación afectaron moitas veciñas e veciños. Somos conscientes de que no noso concello hai moitas necesidades e que debemos traballar para acabar con elas, mais fronte o malgasto en propaganda, publicidade e proxectos sen sentido do actual Goberno, nós **insistimos no noso firme compromiso co departamento de Servizos Sociais**, asegurando un aumento progresivo desta partida orzamentaria, até conseguirmos un concello xusto socialmente onde ninguén quede atrás.

Con isto poderemos atender todos os casos de pobreza extrema e axudar a veciñanza en risco de exclusión social. Ampliaremos o Servizo de Axuda no Fogar e promoveremos a creación da **Tarxeta+**, con descontos para persoas de máis de 65 anos en cine, actos deportivos... e promoveremos programas de envellecemento activo e achegar a actividade deportiva ás persoas de máis idade.

Ademais, será prioridade do BNG velar porque as empresas fornecedoras de servizos básicos (auga, luz, gas) non deixen a ningunha veciña ou veciño sen servizo por incapacidade de pago.

E fronte ás políticas de privatización do Partido Popular, logo de que desde o BNG conseguíssemos impulsar a creación dunha **residencia de maiores** nas Saíñas, en Palmeira, traballaremos para que este centro asistencial sexa 100% público.

Creemos que **Ribeira merece máis xustiza e igualdade**, para que as mulleres nos sintamos seguras.

O BNG ten na súa esencia política a defensa dos dereitos das mulleres e a loita por unha sociedade verdadeiramente igualitaria. Nese empeño levamos investidos moitos esforzos e conquistados moitos obxectivos. Mais tamén constatamos que ningún

dereito está asegurado se non se defende cada día e, dado que é moito o que falta por conquistar, é preciso dar novos pasos para conseguir novos avances.

Por iso é fundamental desenvolver unha política activa desde o Concello que confronte o patriarcado, que defenda os dereitos das mulleres, que exixa mudanzas xurídicas e sociais, que denuncie a permisividade e as irracionais actuacións xudiciais, que implique a sociedade (especialmente a mocidade) na loita pola igualdade e que despregue a súa propia programación para conquistala. Para acadar isto, levaremos a cabo medidas como as seguintes:

- Impulsaremos actuacións dirixidas a garantir o acceso e a permanencia das mulleres no traballo en condicións de igualdade.
- Fomentaremos a mellora das condicións laborais en sectores de emprego feminizados.
- Instaremos ás empresas a garantir a non discriminación por razón de xénero e darémolles prioridade á contratación de empresas con cláusulas sociais e condicións dignas de traballo.
- Crearemos a **Concellaría de Igualdade e Diversidade**, que será encargada de planificar e coordinar as políticas municipais en materia de xénero, diversidade sexual e identidade de xénero, en colaboración co tecido asociativo.
- Impulsaremos foros non mixtos, como o Consello das Mulleres ou o Consello das Mulleres Novas.
- **Favoreceremos a conciliación** e a corresponsabilidade da vida persoal, laboral e familiar, con medidas como a **creación de puntos de atención á infancia, comedores e outras actividades**.
- **Incorporaremos a perspectiva LGBT** nos principais plans e programas municipais, para garantir a transversalidade destas políticas.
- Desenvolveremos programas de educación e sensibilización afectivo-sexual dirixidos a toda a poboación co fin de acadar unha sociedade diversa e igualitaria.

En definitiva, integraremos a perspectiva de xénero nas políticas municipais e abordaremos de maneira integral a violencia de xénero, para loitar contra o crime que representa a máxima expresión da desigualdade e dominación masculina, buscando

rachar co modelo actual de socialización sexista e avanzando, desta maneira, nun modelo de relacións simétricas.

No BNG cremos estamos certos de que **RIBEIRA MERECE MÁIS FUTURO**, por iso mantemos o noso firme compromiso cun ensino público de calidade e coa prestación de servizos útiles para as familias. Queremos que as crianzas de Ribeira medren seguras nun concello que lles aporte o necesario para o seu desenvolvemento na sociedade. Neste senso:

- **Acondicionaremos o entorno da Escola Infantil Municipal** para garantir a seguraza das crianzas e das súas familias, eliminando barreiras arquitectónicas e instaurando un camiño seguro, dotado de beirarrúas en todo ao traxecto.
- Atenderemos nas mellores condicións a crecente demanda de prazas derivada da elevada natalidade.
- Reclamáremoslle á Xunta da Galiza que asuma as súas competencias para solucionar os problemas de escolarización e masificación das aulas en educación primaria e secundaria. Neste sentido defenderemos o ensino público de calquera tipo de recorte.
- Elaboraremos un plan de mantemento dos centros de educación infantil e primaria, revisando as instalacións para a súa conservación: pintura, sumidoiros, acondicionamento de xardíns e patios, etc.
- Dotaremos dos fondos necesarios as bolsas de comedor, estudo, transporte e conservatorio para que as posíbeis dificultades das familias non impidan o acceso á educación das e dos ribeirenses.
- Dinamizaremos o **Consello Escolar Municipal**, no que participarán e serán consultados diferentes axentes que interveñen no ensino no ámbito do concello, estudará a súa problemática e orientará as actuacións prioritarias a desenvolver.
- Comprometémonos a garantir que a nova **Biblioteca Municipal** estea dotada con todos os servizos necesarios para que sexa de utilidade á veciñanza: sala de lectura, servizo de préstamo, sala de estudo, ludoteca, sala dixital...

Ademais, queremos que crianzas, mocidade e veciñanza en xeral teñan unha **oferta cultural, de ocio e deportiva** ben planificada, diversificada e accesíbel, que non discrimine por razón de clase ou lugar de residencia. Por iso, desde o BNG de ribeira traballaremos nas seguintes medidas:

- Colaboraremos coa Xunta para garantir a oferta en todos os centros públicos de actividades extraescolares gratuítas, facilitando o uso das instalacións deportivas e culturais municipais.
- Promoveremos programas municipais de educación dirixidos aos escolares: coñecemento do patrimonio natural, histórico, etnográfico ou artístico do concello, funcionamento dos servizos, avances tecnolóxicos... para que Ribeira sexa un espazo educador os 365 días do ano.
- Os centros públicos serán utilizados fóra do horario lectivo para cumprir un obxectivo social máis amplo: actividades culturais, deportivas, educativas, sociais, aproveitamento das bibliotecas escolares...
- Deseñaremos unha programación cultural estábel ao longo do ano e que integrará programacións específicas en relación co patrimonio inmaterial (ciclo do maio, os magostos, a muiñada...), a música galega, o coñecemento do noso patrimonio histórico-cultural, o verán, o Nadal, o entroido, o Día das Letras Galegas e as celebracións tradicionais (como as romarías de Santo Alberte ou San Roque).
- Fomentaremos o asociacionismo cultural e a súa participación a través do Consello Municipal de Cultura: na xestión das infraestruturas existentes, na programación cultural, na coordinación das actividades...
- Darémolle contido á Casa de Xuventude para convertela nun espazo verdadeiramente útil para a mocidade.
- Acondicionaremos locais de ensaio para grupos musicais, con equipos de gravación de maquetas e ciclos de concertos en directo.
- Impulsaremos o teatro afeccionado coa Escola Municipal de Teatro, readaptando espazos municipais para o teatro.
- Crearemos a Escola Municipal de Música, con aulas musicais de diferentes niveis.
- Potenciaremos a autoorganización da mocidade, asesorando e impulsado a constitución de asociacións xuvenís, de tal xeito que a creación de tecido asociativo xuvenil permita a constitución dun Consello Municipal da Mocidade.
- Elaboraremos un Plan de Ocio e tempo de Lecer que implique a posta en marcha de actividades nocturnas na fin de semana coa creación de actividades

alternativas (deportivas, culturais, lúdicas) que permitan diversificar o ocio en xeral e o nocturno en particular.

- Crearemos unha Factoría Xuvenil que permita e potencie as inquietudes artísticas (escritura, música, artes plásticas, novas tecnoloxías) da mocidade de Ribeira.

Concretamente, na área de **deportes** as liñas de acción do BNG terán como núcleos vertebradores a escola, os clubs de base, o deporte federado, o deporte recreativo e os eventos deportivos. Neste senso, desenvolveremos as seguintes medidas:

- Propiciaremos campañas de animación ao deporte nas escolas, xornadas de práctica deportiva para tomar contacto cos diferentes deportes, así como competicións deportivas entre os distintos centros de ensino secundario.
- Na política de axudas primaremos o **modelo educativo-deportivo** (diversificación deportiva, normalización lingüística, superación da discriminación de xénero) e o traballo máis que os resultados.
- Demandaremos das Administracións supramunicipais o apoio necesario a estes clubs. A nivel municipal aumentaremos progresivamente a dotación de clubs deportivos para acadar, cando menos, a cifra de 130.000 euros de subvención anual.
- Facilitaremos o uso das instalacións deportivas de Ribeira e optimizaremos o seu uso.
- Propiciaremos o asesoramento necesario para a formación de monitoras e monitores, persoal directivo, árbitras e árbitros... para un mellor desenvolvemento do deporte de base en Ribeira.
- Fomentaremos as **Escolas Deportivas Municipais**, coorganizadas cos clubs ou con asociacións deportivas de clubs de base, para o cal crearemos o correspondente Consello Municipal de Deportes.
- Solicitaremos das Administracións supramunicipais a axeitada dotación e mantemento das infraestruturas deportivas de propiedade municipal, utilizadas polo deporte federado non de elite.
- Estableceranse convenios de colaboración cos clubs federados orientados á dinamización social e á implicación dos clubs na vida municipal.

- Asinaremos convenios cos clubs de elite para a promoción do deporte entre a poboación escolar, por medio de visitas a centros educativos, charlas, xornadas... ou para facilitar o acceso ás competicións deportivas.
- Promoveremos o **deporte recreativo** para mellorar o estado físico e de saúde da veciñanza, organizando competicións de carácter popular ou xornadas de deporte na rúa. Ademais, impulsaremos campañas de sensibilización sobre os aspectos positivos da práctica do deporte, así como un Programa de fomento do deporte para persoas maiores.
- Elaboraremos propostas de diversas **actividades no medio natural**, como programas de camiñada, circuítos populares ou roteiros.
- Potenciaremos os deportes náuticos e o turismo deportivo como medida para xerar colaboracións cos clubs locais e dinamizar a economía.
- Traballaremos para que Ribeira sexa cidade que hospede competicións de ámbito galego e estatal.

No BNG cremos que **RIBEIRA MERECE MÁIS MANTEMENTO**. Sabemos que o actual goberno local fai obras que logo esquece, deixando parques, paseos ou mobiliario urbano podreecer e esmorecer, impedindo que a veciñanza poida facer uso do equipamento público.

Fronte a esta práctica de malgasto de cartos públicos, desde o BNG comprometémonos a levar a cabo as seguintes medidas:

- Elaboraremos un **Plan plurianual de conservación de rúas e beirarrúas**, que garanta o mantemento tanto das calzadas como das beirarrúas e das gabias, evitando así que sempre que chegue o inverno se asolaguen rúas, vivendas e comercios.
- Desenvolveremos un **Plan de conservación de parques e xardíns**, así como das instalacións deportivas do concello, que será levado a cabo pola brigada de obras e servizos e que garantirá tanto o bo estado do mobiliario como a seguraza das crianzas e da veciñanza. Paralela e paulatinamente, desenvolveremos un **Plan de modernización de parques infantís** segundo as necesidades de cada un, adaptándoos tamén a nenos e nenas con diversidade funcional, e pulando por crear **parques cubertos** para que poidan ser utilizados todo o ano e **parques con xogos adaptados** a crianzas con diversidade funcional. Ademais, velaremos porque todos os parques infantís sexan seguros, garantindo a instalación de medidas de protección, especialmente naqueles parques que están próximos a estradas.
- Melloraremos o **parque canino** para que os animais dispoñan dun espazo de recreo e de socialización do que gozar en liberdade e sen provocar molestias á veciñanza. Queremos que en Ribeira tamén teñan cabida os animais de compañía, que contribúen a mellorar a nosa calidade de vida e que, sobre todo, forman tamén parte das nosas familias. Ademais, habilitaremos **dúas praias para o seu uso con mascotas** os 365 días do ano.
- Faremos as obras que a veciñanza precise, non grandes mausoleos nin obras faraónicas que nada teñen a ver coas que solucionarían as carencias das veciñas e dos veciños. Para iso, poremos en marcha os **Orzamentos Participativos** para que a veciñanza teña voz directa nos orzamentos

municipais. Comprometémonos a que a veciñanza poida escoller o destino dunha parte do orzamento municipal que vaia destinado á súa parroquia.

- Asegurarémonos de que o **servizo de alumado** funcione ben, e de que todos os puntos de luz apagados sexan arranxados no menor tempo posíbel.

No BNG cremos que **RIBEIRA MERECE MÁIS VERDE** en contraposición co modelo imposto actualmente, consistente en encher o concello de cemento, céspede artificial e palmeiras.

Un Goberno do BNG baseará a súa política medioambiental en dous principios básicos: a preservación e protección do contorno e a súa posta en valor como motor do desenvolvemento local, tanto no ámbito urbano como no rural.

Neste senso:

- Ampliaremos o Parque de San Roque e elaboraremos un **Plan de Dinamización do Periurbano**. Neste plan incluírase a mellora do acceso a pé entre o parque e o centro de Ribeira, para que Ribeira teña por fin unha grande área verde onde a veciñanza poida esparexerse e desfrutar do seu tempo de lecer. Asemade, deseñárase unha programación de actividades ao aire libre e melloraranse as súas infraestruturas (baños públicos, fontes, merendeiros...).
- Daremos prioridade á creación de zonas verdes no casco urbano en posíbeis proxectos que se leven a cabo.
- **Melloraremos a rede de abastecemento de auga potábel** para reducir perdas e promoveremos o aforro de auga, tanto nos fogares como nas instalacións públicas mediante campañas de sensibilización. Ampliaremos progresivamente esta rede para que chegue ás vivendas que hoxe carecen deste servizo.
- Crearemos o **Programa municipal de compostaxe e horta ecolóxica**, para reducir a fracción orgánica do contedor verde e, polo tanto, o recibo do lixo. Ao mesmo tempo, estaremos reutilizando residuos para abonar xardíns públicos e particulares, o cal tamén redundará positivamente nas arcas municipais.
- Estudaremos a localización e o número de contedores de recollida do lixo. Instalaremos illas de reciclaxe (papel, envases, pilas, aceite, roupa) en todas as parroquias para facilitar a recollida de residuos, tanto á veciñanza como á concesionaria.
- Reduciremos o uso de plásticos instando as empresas que traballan co Concello a seren ambientalmente responsábeis.
- Remataremos o saneamento integral do noso concello, establecendo como prioridade a mediación coas Administracións competentes para solucionar os problemas xerados coa construción das estacións depuradoras.

- Comprometémonos a aplicar unha rebaixa no recibo do saneamento, revertendo o *tarifazo* establecido polo goberno actual. Camiñaremos cara a municipalización da xestión do ciclo integral da auga para mellorar o seu servizo.
- Regularemos e xestionaremos medidas de supresión ou minoración dos impactos paisaxísticos e dos riscos para a saúde causados polas liñas de subministro de enerxía eléctrica, soterrando as liñas de media e baixa tensión sempre que sexa posíbel.
- Promoveremos medidas que tendan a deseucaliptizar o Concello de Ribeira. Da mesma maneira, traballaremos coas comunidades de montes para revitalizalas e faremos que as franxas de protección de núcleos habitados estean limpas para evitar os incendios forestais ou minimizar os seus efectos. Tamén se habilitarán subvencións para a plantación de especies autóctonas.

Sabemos que Ribeira está situada nun lugar privilexiado, por iso desde o BNG elaboraremos e executaremos un **Plan de protección do patrimonio medioambiental**, que incluírá medidas para a súa preservación e vixilancia e de restauración e posta en valor ambiental, social e económico.

Ademais, fomentaremos a participación activa dos propietarios e usuarios do Parque Natural na súa planificación, xestión e usos. Buscaremos sempre o óptimo nivel de consenso social na súa xestión, que se logrará con tres instrumentos básicos: información, estratexias de compensación (social e económica) e mediación para afrontar os conflitos.

Nesta liña, crearemos un **selo de calidade** para os produtos ecolóxicos que saian do Parque Natural. Do mesmo xeito, para que o parque redunde na veciñanza, promoveremos actividades que sexan compatíbeis co entorno natural e que sexa beneficiosas para as persoas propietarias de terreos en zonas protexidas.

Para o BNG as parroquias son as entidades vertebradoras esenciais do concello, por iso consideramos que en Ribeira tamén **AS PARROQUIAS MERECEM MÁIS**. Cremos que todas elas, e non só as máis poboadas, deben contar coas mesmas oportunidades. Queremos equiparar a zona urbana e a rural en servizos básicos, levando o abastecemento, o saneamento e as comunicacións a 100% da poboación, implantando illas verdes, mellorando a rede viaria, descentralizando a oferta cultural e deportiva e pondo en valor e promocionando o seu propio patrimonio.

Así, desenvolveremos todas as medidas que sexan posíbeis, entre elas:

- Abordaremos o **saneamento integral** de todas as parroquias e dotarémolas de suministro de auga potábel.
- Manteremos regularmente o asfaltado, as beirarrúas, os puntos de luz, os parques infantís e as zonas verdes.
- Constituiremos e poremos en marcha os **Consellos Parroquiais**, para escoitarmos directamente a opinión e as necesidades da veciñanza.
- Achegaremos a **información municipal actualizada** a cada parroquia creando paneis informativo verdadeiramente accesíbeis á veciñanza e libres de censura, como soportes de libre comunicación e expresión.
- Dotaremos de recursos e crearemos, naquelas parroquias onde fose preciso, **casas de cultura, centros sociais, centros polivalentes, servizos de biblioteca, campos de fútbol e polideportivos cubertos**.
- Deslocalizaremos ás parroquias toda a **oferta cultural e deportiva** do concello, de xeito que todas as veciña e veciños teñan ao seu alcance opcións de ocio variadas.
- Melloraremos as **redes de transporte público** en todas as parroquias, dentro do Plan de Transporte Público de Ribeira, de xeito que as frecuencias sexan as axeitadas e as paradas estean ben sinaladas e dispoñan da información necesaria para a mobilidade da veciñanza (liñas, horarios, prezos...).
- Melloraremos os servizos municipais, especialmente o da **recollida do lixo e a limpeza periódica de camiños**.

CANDIDATURA EXPERIMENTADA E GAÑADORA

A candidatura do Bloque foi escollida e aprobada mediante asemblea aberta, ao igual que facemos co candidato, co programa e coa toma de decisións que competen a organización.

As persoas que ves aquí abaixo representan a todas as parroquias, teñen distintos perfís profesionais e son xente honesta, traballadora incansábel e cun alto compromiso ético.

Esta listaxe ten un equilibrio perfecto no que se mestura xente con ampla experiencia na política local, persoas con implicación directa en diferentes sectores sociais do noso concello, renovación coa incorporación de persoas independentes e unha alta presenza de mozas e mozos.



1. Luís Antonio Pérez Barral
2. María Cruz Rivadulla Márquez
3. Genoveva María Betanzos Fernández
4. Antía Alberte Maneiro
5. Xabier Vidal Peón

6. José Manuel Sanmiguel Pérez
7. Rafael Pazos Rodríguez
8. María del Carmen Lampón Agrelo
9. Isabel Sampedro Romay
10. Áurea Santiago Andrade
11. Alexandre Ríos Batista
12. Teresa Prol castro
13. Xana Matilde Ledo Díaz
14. Carlos Lixó Gómez
15. Iria Casais Rivas
16. Silvia Varela Rodríguez
17. Ezequiel Millet Moraña
18. Xosé Antón Parada Fernández
19. Rosa Ana Pérez Moares
20. Marta Varela Rodríguez
21. Xosé Antonio Vázquez Cobas

Suplentes

22. Daniel Romano Gude
23. Domingo Casais Gude
24. Daniel Couto Argibay
25. Elvira Blanco Pérez
26. Dores Vidal Peón
27. Jorge Pérez Sampedro
28. Francisco Martínez Romero
29. Vicente Paz Carou
30. Vanesa Casais Rivas
31. Fátima El Gargari Sampedro